


Galegos que foron a unha guerra

ENSAIO O relato da presenza galega nas guerras coloniais do norte de África contado desde a visión dos soldados que participaron nelas.

Gustavo Hervella *Texto*

A guerra colonial que os gobernos de España desenvolveron no norte de África marcou o devir social, político e económico tanto da sociedade da Restauración como a autóctona da zona. A coroa, así como os diferentes executivos, entenderon que se España quería ter presenza no contexto político internacional era obrigado amosar pegada colonial. Así o entenderon os políticos isabelinos, republicanos e alfonsinos, que nunca puxeron en dúbida esta idea. É neste contexto onde o territorio do Rif comeza a ter sentido para o expansionismo español, e de maneira especial tras 1898. Dionisio Pereira achéganos ao tema, non a través do relato bélico, senón da visión dos soldados que participaron nas accións bélicas.

A crenza de que o Rif era parte da nación foi unha liña da Realpolitik hispana que atravesou practicamente todas as ideoloxías. Factores culturais, nacionalistas, económicos e políticos foron superiores a calquera consciencia humanitaria que nas últimas décadas do XIX e primeiras do XX non era defendida por ninguén; basta con ollar para as actuacións inglesas, belgas, francesas e alemáns en África —estas últimas des-



Galegos nas guerras do Rif.
Paisaxe bélica e imaxinario anticolonial
(1890-1927)
Dionisio Pereira
Instituto Galego de Historia, 2016

encadeando un xenocidio na actual Namibia— ou otománs en Armenia, para darse conta que, de novo, España non era ningunha excepción. Aínda que non se recoñecía, as teses de Gobineau sobre a existencia de razas superiores e inferiores impregnaba a estratexia imperialista: había que civilizar e cristianizar, afirmaba O'Donnell en 1860. Por outra banda, a presenza da prensa nos conflitos armados, xa imprescindible desde 1914-1918, tenta moldear a opinión da cidadanía. Precisamente

nesta idea é na que se basea este estudo de Pereira. Uns rotativos sinalan as eivas das accións militares —aspecto no que máis se incide no texto—, outros ensalzan as fazañas militares, alimentando a ilusión imperial española que, en realidade, so existía no imaxinario duns militares guerreiros e nun nacionalismo español expansionista pero afastado das verdadeiras necesidades do pobo ao que dicían representar, o que non fixo máis que acentuar a identificación do nacionalismo español co modelo nacional-católico e militar africanista.

De todo isto trata o presente libro, a presenza española no actual Marrocos a través dos ollos de tres reporteiros-soldados: Paz Andrade, Ben-Cho-Shey e Mesejo Campos, que levan a cabo crónicas xornalísticas onde se adiviña cal era a situación real da tropa e a *morriña* por regresar á terra —lembrems que os tres pertencían á Irmandade da Fala—. A diferenza do acontecido noutras latitudes, en España o exército non foi un elemento nacionalizador de masas, e a experiencia da guerra africana non fai máis que ratificar esta idea.


Amor e fame na vila mariñeira

POESÍA O novo poemario de Ismael Ramos ofrece un duro relato da realidade disimulado entre metáforas surrealistas e un certo ton naïf.

Antía Monteagudo Texto

Ismael Ramos, nado en Mazaricos hai só 22 anos, ten xa unha considerable traxectoria no mundo da poesía galega. Deuse a coñecer despois de gañar varios premios xuvenís de literatura, como o Minerva ou o Ánxel Casal. Paralelamente desenvolveu unha intensa actividade no blog Interferencias e, recentemente, escribe en O triste Stephen. En 2012 fíxose co premio Francisco Añón polo libro Hábitat/Interferencias e, tres anos despois, conseguiu conquistar o premio Johán Carballeira con Os fillos da fame. Desde entón, a súa non é máis ca unha crónica de éxitos. En pleno debate sobre se Ramos pertence ou non a esa nova xeración de poetas que Antón Lopo clasificou como “neos”, o seu libro non deixa de bater récords. Quizais o máis salientable sexa o feito de que tan só despois dun mes nas librarías, Os fillos da fame esgotou a súa primeira edición, algo pouco común na literatura galega, sobre todo, se se trata de poesía.

No novo libro, Ramos conta unha historia de amor, de fame e ferida nunha vila mariñeira. Os diferentes poemas de que se compón están inseridos nun ambiente realista e onírico ao mesmo tempo, nun estilo narrativo e directo. Constancia disto deixa o primeiro verso do libro “Casei co fillo máis novo dunha familia feliz fronte ao mar”, que axiña nos transporta ao lugar e ao momento no que comeza a historia. Con Cangas do Morrazo como fondo, os elementos que compoñen a sociedade do mar sucédense nas páxinas a través de símbolos e dunha voz contemplativa e allea que reflexiona sobre o mundo cotián das vilas mariñeiras ao



Os fillos da fame

Ismael Ramos

Premio Johán Carballeira de Poesía 2015

Xerais, 2016



**O primeiro verso
transportanos ao
momento no que
comeza a historia, con
Cangas como fondo. Os
elementos que
compoñen a sociedade
do mar sucédense nas
páxinas a través de
símbolos e dunha voz
contemplativa e allea**

que el non pertence. Entre metáforas surrealistas e un certo ton naïf, aparece un duro retrato da realidade na que transcorre a vida familiar: a ausencia do pai, as viúvas dos vivos, as mulleres dos portos e a continua ameaza da morte; elementos que tinguen de dor esta creación poética.

O libro, doado de ler e que conecta incluso coa xente máis allea á poesía, agocha un complexo tecido intertextual. Tal e como comenta o propio Ismael ao final do texto, entre as súas palabras hai versos de moitos e moitas poetas estranxeiros e galegos que lle axudaron a construír o seu imaxinario. Son palabras reflexivas que nacen da propia experiencia e que parten dese concepto da ‘ferida’ tan recorrente na obra do poeta. Mais, a pesar da crítica e do estudo sociolóxico que se fai do mundo mariñeiro, Os fillos da fame é un texto suxerente que se comprende mellor a través dos sentidos e deixándose levar polas sensacións que producen ese cheiro da crema solar, o barco rompendo as ondas ou a sede no medio do mar. Un texto moi recomendable para achegarse ao mundo da poesía e para as persoas que desexen estar ao tanto das novas promesas da poesía galega que chegan pisando forte.

Fotogramas da barbarie

POESÍA O primeiro libro de Antón Blanco é un poemario cun discurso inquedaante, medido na súa arquitectura e implacábel na escollo dos encadres.

María Xesús Nogueira Texto

A edición de poesía rexeuse na literatura galega, e talvez en moitas outras, por regras propias que foron sorteando atrancos da censura, do canon ou do mercado. Desafiando un panorama editorial hostil xorde Chan da Pólvora, selo que nace ao tempo que unha librería especializada no xénero poético, concibida ademais como espazo de difusión e dinamización. As primeiras escollos da editora parecen atender a dúas demandas que se veñen manifestando na poesía galega desde hai tempo: a necesidade de reedicións e a descuberta de voces novas. A primeira vese satisfeita coa publicación do inaccesíbel *Urania*, de Chus Pato. A segunda, coa da *opera prima* de Antón Blanco.

A oseira é o poemario dun autor ben novo en idade, coñecido até o de agora, pola presenza en recitais e revistas, e asociado a esa xeración de voces renovadoras que parece que tarda en chegar. Máis alá diso, o libro é un texto cheo de forza que anova a tradición na que se insire para falar de desfeita, de devastación, de ruína e de barbarie. A voz poética bota man da observación como técnica –o *fotograma*, a *mira do prismático*– e marca unha distancia dramática que converte a sociedade en espectadora e a barbarie en espectáculo: “millóns de ollos / dende a atalaia / conciben o pecado dos naufragos / como un residuo”. A descrición vólvese en ocasións alucinada ao botar man de imaxes tremendistas, visionarias e de gran plasticidade e en ocasións beleza para dar conta dun “corpo-que-escintila e rota sobre o cráter” ou dunhas “mans que cravan a agulla do broche nos ollos”.



A oseira
Antón Blanco
Chan da Pólvora, 2016



O libro é un texto cheo de forza que anova a tradición na que se insire para falar de desfeita, de devastación, de ruína. A voz poética bota man da observación como técnica e marca unha distancia dramática que converte a sociedade en espectadora da barbarie.

Con estas ferramentas achégase unha paisaxe desolada e inconcreta a pesar dalgunhas referencias que remiten á memoria colectiva do horror.

D’*A oseira* sorprende o contraste entre a frialdade da voz-mirada e o poder das imaxes. Ao mesmo tempo, resulta innovadora a ensamblaxe dos textos, que procura un difícil equilibrio entre a fragmentación e a unidade. A presenza de texto aparentemente elidido, a particular ordenación e a estranxeza que por veces produce a segmentación do verso mediante barras están contrapesadas por unha serie de reiteracións temáticas e simbólicas que cohesionan o todo. O libro vese ademais reforzado, formal e tematicamente, polos poemas interrogatorios inicial e final, que recordan esa distancia escénica evidenciada ao longo das páxinas: “*lembrádesvos do que había na cávea?*”, “*podédelo / reconstruír desde a cávea?*”. O primeiro poemario de Antón Blanco é un libro inquietante no discurso, meditado na arquitectura e implacábel na escollo dos encadres. E é, alén diso, debedor da indicibilidade da barbarie, aprendida tamén desde a poesía.

Tecín soa a miña tea


ENSAIO Miguel Anxo Murado recompila neste libro a súa perspectiva sobre o xornalismo literario para achegarse ao relato a partir da actualidade.

Laura Caveiro **Texto**


Passaron anos dende que, na década dos oitenta do pasado século, comezou publicar Miguel Anxo Murado (Lugo, 1965). Nese tempo teceu, e segue a tecer con pulo, unha arañeira literaria con fíos de relato, poesía, teatro, guións, narrativa longa, ensaio, libros de viaxes e compilacións de artigos xornalísticos. Figura nas escolmas de narrativa contemporánea de R. Nicolás e A. Requeixo, *Materia prima*, de 2002, e na de Jonathan Dunne, de 2012, *Antoloxía da literatura galega. 1981-2011*. Traducíronse ao inglés unha versión do *Bestiario dos descontentos*, e máis recentemente, *Ruído* (Soundcheck) e *Mércores de cinza* (Ash Wednesday).

Que fíos destacar desa consistente rede? Ademais dos devanditos libros de relatos, *Ruído. Relatos de guerra* (1995), e *Mércores de cinza* (1998), tamén *O soño da febre* (2007), Premio da Crítica de Galicia e da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Poesía como *Bestiario dos descontentos* (1985) ou *Lapidario* (2004). Ensaio como *Caderno de Xapón* (2001) ou *Outra idea de Galicia* (2013). Literatura memorialística como *Fin de século en Palestina* (2008). E volumes nos que se fusionan o xornalismo e a literatura, produto da súa actividade profesional en diversos medios de comunicación. Velaí *Escrito en cafeterías* (2014), e no ronsel deste último, neste 2016, *Libro de horas*.

Expón Murado, en nota do autor do seu último volume, unha sorte de autopoética, co gallo de ser estes textos unha selección dos que foi publicando dende marzo de 2014 ata xullo de 2015. Intentarían reflectir o que



Libro de horas
Miguel Anxo Murado
Galaxia, 2016



A literatura de Murado é unha arañeira xerada cun substancioso estilo no que non hai nada menor. Ao publicarse en formato libro, aínda gañan os artigos máis consistencia, fíos brillantes dunha rede quen de soportar que se bambeen nela elefantes.

entende como xornalismo literario: explorar os ángulos e as arestas, proporcionar algo ao lector de xeito perdurable sobrevoando os temas do día para darlles unha volta. Un artigo, afirma, debería poder sosterse só, non

polo que conta senón por como o conta. E se ben o punto de partida é o columnismo, considerado xénero menor, semella que o escritor se sinte cómodo no xornalismo literario, que non xornalismo de opinión. Artigos nos que a actualidade é unha escusa para afondar, ao noso ver, na hibridación xenérica co relato. Mestizaxe que, con contención expresiva, ofrecéle ao lectorado algo que lle é moi próximo, un trato directo que lle chega dentro, e o sorprende con aqueloutros ángulos e arestas.

Cando as arañas tecen a súa tea fano coa substancia que segregan. Dela depende a consistencia. A literatura de Murado é unha arañeira xerada cun substancioso estilo no que non hai nada menor. Ao publicarse en formato libro, aínda gañan os artigos máis consistencia, fíos brillantes dunha rede quen de soportar que se bambeen nela elefantes que van chamar por outros elefantes lectores. Ao ver que nunca decae o seu interese na lectura.

Un best seller con conciencia


NOVELA Ladróns de arte aliados coa cúpula eclesiástica para roubar pezas da arte galega. Unha veciñanza disposta a evitalo. A traxedia dun país incapaz de valorarse.

César Lorenzo Gil Texto

Manuel Gago (Palmeira, Ribeira, 1976) escolleu para a súa primeira novela unha fórmula narrativa cuxos compoñentes veñen sendo: unha trama complexa, con ramificacións en diferentes escenarios xeográficos e implicacións socio-políticas ao máis alto nivel, personaxes de diversas clases sociais, clasificados polos seus valores morais (bos e malos) e un desenvolvemento da acción baseado na acumulación de escenas cuxo fin é desembocaren nun desenlace (clímax) que lle dea satisfacción a unha lectura que vai engordando o interese pola obra a medida que pasa páxinas e máis páxinas (a novela ten 495). Todo isto elaborado mediante unha estrutura moi atractiva: capítulos curtos, moitos diálogos.

Mais Gago fracasa no seu intento por varias razóns. A primeira porque o seu interese pola novelística popular quere conxugar cunha especie de función social da literatura. Sente que ten que haber unha mensaxe, unha denuncia. Nunca sabemos que foi antes, se un proxecto de novela accesible, para todos os públicos ou un traballo de pesquisa sobre a implicación da Igrexa no roubo de gran parte do patrimonio artístico galego que, para mellor dixestión pública, quixo o autor armalo coas estratexias da novelística convencional. E esa indefinición dana o conxunto da obra porque o texto aparece reseso, pouco natural, adubado con diversas salsas de *best-seller* que saben a ketchup de sobre.

O segundo problema é a incapacidade para a elipse do autor. Á



O anxo negro
Manuel Gago
Xerais, 2016



O problema é a incapacidade para a elipse do autor. Os diálogos son insubstanciais, reiterativos. Pola contra, o escritor demostra que ten músculo para recrear escenas históricas con viveza. Nótase seguro na técnica do relato clásico, especialmente o épico. Incardina neses momentos co mellor da nosa tradición.

novela sóbralle un terzo das páxinas. Nunha novela, máis se se busca que sexa popular e accesible, hai que manter a raia o exceso de información, hai que darlle a quen le só aquilo que realmente ten interese. Os diálogos son insubstanciais, reiterativos, conversas baleiras que espertan o bocexo.

Pola contra, o escritor demostra que ten músculo para recrear escenas históricas con viveza, que atesourou nestes anos un cadal de coñecemento amplo e profundo que lle permite converter en temas literarios moitos acontecementos da microhistoria ou incluso imaxinar novos relatos míticos do noso pasado. Nótase seguro na técnica do relato clásico, especialmente o épico. Incardina neses momentos co mellor da nosa tradición. Os mellores momentos de Víctor Freixanes ou Xosé Miranda, por exemplo. Moito diso xa está presente (aínda que diluído) n'*O anxo negro*.